

UN HORIZONTE PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL: A XESTIÓN COMPARTIDA DOS RECURSOS COMUNITARIOS

Juan José Lorenzo Castiñeiras

Dpto. Teoría da Educación, Historia da Educación e Pedagogía Social
Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

Nesta reflexión abórdase a situación do rural galego dende unha perspectiva crítica que pretende visibilizar as principais problemáticas existentes. É por iso que semella fundamental centrarse nos trocos acaecidos nas derradeiras décadas que veñen marcados por unha perda de poboación e unha diminución da agricultura destinada ao autoconsumo. Fronte a esa situación e partindo dun enfoque que prioriza o encontro, a xestión dos recursos comunitarios adquire novos significados constituíndo un factor clave no desenvolvemento local pola revalorización e os novos usos que se lles dan, posibilitando unha coxestión veciñal que se constituía no alicerce da mellora de calidade de vida dos contextos rurais.

Palabras clave: desenvolvemento, rural, montes comunais, participación.

ABSTRACT

In this reflection it is approached to the situation of the rural Galician from a critical perspective that has as aim visualize the principal existing problems. It is because of it that seems to be fundamental to centre on the changes that have taken place in the last decades characterized by a loss of population and a decrease in the agriculture destined for the self-consumption. Opposite to this situation and departing from an approach that prioritizes the meeting, the management of the community resources acquires new meanings constituting a key factor in the local development for the revaluation and the new uses that are given, which allows a local shared management that is constituted in lay the foundations of the of the quality improvement of life of the rural contexts.

Keywords: development, rural, forest in common ownership, participation.

1. PROPOSTAS PARA O REARTELLAMENTO COMUNITARIO: A XESTIÓN COMPARTIDA DOS RECURSOS

A estrutura sociodemográfica galega fai necesaria unha reflexión sobre as dificultades dos espazos rurais e o seu discorrer futuro nun momento no que, por primeira vez e de maneira global, a poboación residente en zonas urbanas supera á rural. En vista das dificultades que implica, cada vez máis, a posta en marcha dunha planificación sostida de desenvolvemento rural no conxunto dos concellos galegos, cómpre poñer a ollada optimista na veciñanza e nos vínculos cotiás, atendendo ás relacións derivadas de interaccións sociais estables no seo da comunidade, especialmente se derivan en experiencias cooperativas. O traballo cooperativo é un dos aspectos chave nos que é fundamental

incidir nesta era globalizada se buscamos a mellora en clave humana das condicións de vida neste entorno, fomentando a innovación no plano relacional e social empregando ferramentas novidasas, posibilitando a creación de canles comunicativas locais promotoras de mecanismos que articulen e rutinicen dito intercambio necesario no seo da comunidade (Sánchez-Cuenca, 2007).

Problematizamos sobre a actual caracterización sociodemográfica dos contextos rurais galegos deténdonos principalmente no avellantamento e na dispersión poboacional, incidindo no papel que a cooperación e a coordinación dos membros da comunidade xoga na convivencia normalizada guiada por uns intereses semellantes para a mellora ou para a supervivencia, segundo vexamos o vaso medio cheo ou medio baleiro. Véndoo medio cheo, propónse que a xestión dos recursos comunitarios pode actuar como substitutivo da función cooperativa que tradicionalmente viñan cumprindo os traballos agrarios, representados por unha imprescindible axuda mutua —propia dun pasado próximo e derivada máis da necesidade que da vontade—; fomentar unha estratexia de integración creadora de identidade que precisa de novas canles para persistir na súa laboura de transmisión dos valores comunitarios e no afloramento dos rasgos identitarios típicos e respecto á caracterización dos seus membros. Dende o punto de vista máis pesimista, afrontamos unha inxusta argumentación da falta de desenvolvemento na Galicia rural asociada a un suposto individualismo endémico co fin de artellar mecanismos para repoboar ou canto menos manter á poboación do medio rural cunhas boas condicións de vida, aspecto que semella imprescindible para non acharnos coa desaparición do labrego e con el dunha sabedoría tradicional, dun vivir harmónico co medio.

É por iso que, considerando fundamental o rol que o encontro cumpre nas sociedades rurais como motivador do benestar, unha proposta dirixida a fomentar as relacións interveciñais en clave humana resulta de capital importancia para a aparición dunha concepción comunitaria tamén do desenvolvemento. Tanto dende un plano que considere os intereses socialmente compartidos como noutro referido ás preferencias e necesidades persoais e morais, a integración social vén potenciada na medida en que os membros participan da vida comunitaria e inclúen así mesmo as propias propostas de mellora, o que implica un beneficio conxunto pero sen por iso esquecer as opcións individuais que como membro da comunidade integro con responsabilidade en tanto que participo. É por iso que o cerne deste traballo atópase no carácter que unha xestión compartida dos recursos comunitarios imprime nun proxecto de desenvolvemento rural, situando no centro da análise os montes comunais por constituírense nun recurso específico de Galicia e baseando as argumentacións nos beneficios que poden derivarse da xestión conxunta dos mesmos. Así alúdese especificamente á realidade rural galega nun dobre senso: como sociedade cunhas características sociodemográficas, territoriais e ambientais particulares; como espazos que, sendo polo xeral ricos en recursos naturais, contan cun elevado potencial de desenvolvemento.

Por todo o dito, a presente reflexión consideramos que atesoura o seu valor articulada nun discurso que deconstrúa a realidade social comunitaria tomando como alicerce a xestión compartida dos recursos, máis que estes en si, como vínculo de unión, de xeito que se activen de maneira sostida no tempo estratexias de cooperación en base a intereses compartidos. É por iso que, derivando esta proposta dunha comunicación presentada no II Congreso Galego de Investigación en Ciencias da Educación (II COGALICE), creemos que pode —mesmo diríamos máis: debe— trasladarse a outros eidos máis aló do rural polo que, referíndonos especificamente á temática deste foro, nesa dirección

cooperativa cremos que tamén debe traballarse dende e dentro da Universidade. Especialmente no eido da investigación, e máis aínda nos traballos de índole educativa, a transformación debería producirse dende un dobre punto de vista:

- a) dunha parte, cooperar no senso de procurar as mellores condicións de traballo co fin de potenciar a investigación, integrando intereses propios cos de axencias externas —que abranguen dende movementos sociais, asociacións, etc., ate caixas de aforros, fundacións ou demais entidades privadas con ánimo de lucro— de xeito que se fomente unha metodoloxía de traballo que, contemplada dende unha perspectiva ética e moral do acontecer social, atenda tamén á dimensión humana das investigacións e dos investigadores;
- b) doutra, cooperar de xeito interno nos labores de investigación, optimizando esforzos, infraestructuras e recursos en xeral, deixando a un lado loitas ególatras para centrar a atención e a meta nunha mellora científica e socialmente compartida.

2. DESCRIPTORES DA RURALIDADE

Non se pretende neste punto expoñer unha argumentación baseada en indicadores que ofrezan unha mostra de problemáticas sociodemográficas de sobra coñecidas, como son o envellecemento —con España entre os países que se atopan mundialmente á cabeza dos máis envellecidos e Galicia entre as rexións máis envellecidas do Estado— ou a crecente dispersión das residencias —que leva a que no territorio galego, con máis de 30.000 entidades singulares de poboación, existan máis asentamentos que no conxunto do resto do estado—. Semella evidente que en toda estratexia de desenvolvemento rural debe estar minuciosamente contemplada a incidencia destes factores, polo que partindo destes condicionantes e dun xeito máis limitado, simplemente búscase promover a reflexión acerca da situación actual do rural en Galicia.

Dun xeito xeral, podemos apuntar que existen unha serie de aspectos sobre os que hai bastante consenso (Rubio e Sanz, 2007) e que dan conta dos cambios que, a nivel territorial, máis afectan aos entornos rurais nos últimos tempos¹:

- Un reparto desequilibrado da poboación e da actividade productiva no territorio.
- Un incremento da mobilidade obrigada e involuntaria.
- Modelos de crecemento dispersos e de ocupación desordenada que actúa por veces como depredadora do territorio.
- Descomposición social e económica coa escaseza de rendabilidade para a mediana e pequena agricultura (co fenómeno premonitorio da *desaparición do labrego*).

¹ Enténdese que estas características de carácter xeral non teñen unha validez universal, como resulta lóxico. Posiblemente nin tan sequera para o caso galego, pois ao falar de espazos rurais non podemos obviar que en cada contexto a realidade é ben diferente, pois vívese en contacto coa natureza que tamén impón as súas condicións ambientais, orográficas, climáticas... En contraste cos entornos urbanos, preténdese dar mostra da heteroxeneidade do eido rural, onde teñen gran peso diversos factores que son estruturantes —e ao tempo se ven estruturados— polas posibilidades de desenvolvemento destes entornos (situación xeográfica e climatolóxica, maior ou menor proximidade ás urbes, estado das infraestructuras...).

- Persistencia ou acentuación de procesos de asimetría territorial entre espazos rurais.
- Nova xeografía do poder local e dos conflitos (cun gran incremento da heteroxeneidade dos actores e da dispersión de competencias).
- Perda crecente de significado da tradicional dicotomía rural/urbano polo despoboamento ou urbanización do rural, segundo os casos.

Se cavilamos acerca de que fai escasamente un século máis do 90% da poboación galega habitaba nos entornos rurais, coa característica común da familia extensa, hoxe en día e pese ás dificultades de estimación —que empezan pola mesma caracterización do que é rural— a problemática da falta de poboación en idade activa está levando a unha mudanza na que estes espazos cambian tendendo cada vez máis cara funcións de recreo; tamén dun productivismo xa non orientado polas necesidades locais senón integrado con plenitude dentro dunha lóxica de eficiencia productiva territorial estruturada de xeito global, fronte a un necesario apoio á pequena e mediana agricultura fundamentada na sustentabilidade do medio rural. Nese senso, a perda de poboación ten moito que ver coas masivas migracións locais cara ás urbes por motivos de emprego ou formación motivadas pola escaseza de posibilidades no rural. Aínda que nos últimos 20 anos as taxas de poboación rurais melloraron no caso de diversas provincias sitas polo xeral no oeste do territorio estatal, en Galicia ámbalas catro provincias coinciden nunha continuada perda de poboación, o que supón unha barreira difícil de superar constituíndo un condicionante clave nos proxectos de desenvolvemento rural². Non sendo o verdadeiro obxectivo deste traballo valorar a idoneidade das diversas metodoloxías aplicadas ao desenvolvemento rural comunitario nos concellos galegos, si que o é calibrar a forma e o grao en que algunha estratexia concreta pode dar lugar a diversos modos de transformar a realidade. A presente proposta procura achegarse ao desenvolvemento rural fomentando o encontro, promovendo os intereses compartidos entorno ao discorrer comunitario e artellando a maquinaria necesaria para asegurar o futuro da comunidade e dos seus membros, co fincapé no traballo cooperativo.

Apuntaba John Berger (2007: 244) que “durante o último século e medio, a teimosa habelencia dos labregos por sobreviviren confundiu aos administradores e aos teóricos... Mais por primeira vez na historia, é posible que a clase dos superviventes non sobreviva... Se os plans se cumpren tal e como os economistas previron, dentro de vinte e cinco anos xa non haberá labregos na Europa Occidental”; e botando unha ollada á realidade, a verdade é que o proceso seguiu o seu curso e dende o ano 1979 no que escribía Berger pasaron xa 30 anos e non podemos dicir que non queden labregos, pero si que empezan a ser unha *especie en perigo de extinción*, e con eles desaparecería tamén unha sabedoría tradicional, un modo de entender o mundo e de relacionarse co entorno natural inmediato. É tanto así que os avances tecnolóxicos e infaestructurais facilitan a mobilidade espacial e a concentración dos nichos de emprego nas áreas máis urbanas, propiciando que na actualidade cada vez o contexto no que transcorre o *mundo de vida* dos rurais coincide en menor medida co seu espazo de

² “En los municipios de pequeño tamaño (<5.000) se produce una pérdida de población media de -0,31%. Por Comunidades Autónomas las mayores pérdidas de población en municipios pequeños tienen lugar en Asturias y Galicia (-11%), Castilla y León (-9%) y Extremadura (-9%)”. MARM (2009): Población y Sociedad Rural”.

residencia (Rubio e Sanz, 2007). Tamén semella difícil soste unha argumentación diferente á que sitúa a relación rural-urbano nun plano desigual en referencia á atención que prestan as políticas públicas nun momento no que Estado e unhas poucas e poderosas institucións económicas exercen o monopolio do poder baixo criterios de rendabilidade, calculando o valor dun territorio proporcionalmente ao dos seus recursos contemplados de xeito relacional no mercado global e prescindindo dun fundamental enfoque humano.

A funcionalidade da creación de tempos e espazos para o encontro, tales como os que posibilitaría unha xestión compartida dos recursos a través de xuntanzas de carácter asembleario, actúa como o alicerce da reactivación comunitaria asumindo as funcións tradicionais que esta cumpre tales como as de socializar ás persoas que forman parte da comunidade, asentando as normas explícitas e implícitas de convivencia e consolidando lazos de solidariedade e xustiza a través da participación de todos e cada un.

3. A CREACIÓN DE COMUNIDADE NO RURAL.

O difícil concepto de comunidade, multívoco e aberto en tanto que existen comunidades de montes, de veciños, de estudantes, virtuais, etc., pode atopar un referente completo na definición clásica de Ander-Egg (2003: 33-34):

“unha agrupación ou conxunto de persoas que habitan un espazo xeográfico delimitado e delimitable, con membros que teñen conciencia de pertenza ou de identificación con algún símbolo local e que interaccionan entre si máis intensamente que noutro contexto, operando en redes de comunicación, intereses e apoio mutuo, co propósito de alcanzar determinados obxectivos, satisfacer necesidades, resolver problemas ou desempeñar funcións sociais relevantes a nivel local”.

Deste xeito, a comunidade vén definida como a entidade socializadora de referencia, establecendo vínculos estables entre a persoa e a sociedade entorno ao contexto máis inmediato de pertenza e proximidade. Esta dimensión social do encontro interpersonal é o aspecto central que pretendemos resaltar neste traballo, atendendo ás posibilidades derivadas do traballo cooperativo como posibilitadores dunha integración nese conxunto sociocultural que chamamos comunidade. É por iso que a idea central deste apartado xira entorno aos mecanismos favorecedores desa construción simbólica derivada da coxestión dos recursos realizada entre os membros da comunidade, de xeito que non nos referimos a cuestións solidarias, pois queda patente a existencia dunha preocupación derivada dun interés propio —que se entende vén materializado no aproveitamento dos recursos ou nos beneficios derivados do seu uso— o que á súa vez motiva a continuidade no tempo das interaccións entre os membros da comunidade. Esa permanencia sostida do contacto humano debe ser un aspecto potenciador dunha comunidade sostible, non só ao implicar aos actores e obrigalos a responsabilizarse e optimizar a rendabilidade dos recursos, senón que tamén é unha incitación a proxección pública e conxuntamente opinións e propostas de acción acerca das diversas cuestións que, partindo dunha problemática individual, teñen un espazo para constituírense colectivamente nunha reivindicación forte en tanto que máis persoas se identifiquen con cuestións que, ténndoos a eles directamente implicados, tamén afectan ao discurrir comunitario.

A principal problemática quizabes xire entorno ao comprometido que cada quen se sente respecto aos asuntos comunitarios. Son moitos os teóricos que aludiron á problemática de ser parte de, creando e ligando conceptos constituídos en expresións xa clásicas na ciencia social, como a *gaiola de ferro* weberiana, a atención que Durkheim presta á temática do suicidio e á *anomia* (fala de comunidade como forza moral), o *nihilismo* nietzscheano ou a *traxedia das culturas* de Simmel. Semella por isto evidente que a cuestión da pertenza foi e continúa a ser un enfoque básico na consideración política e social da mesma definición do ideal de comunidade; por suposto, un aspecto central na conformación real das comunidades, motivo polo que o encontro da veciñanza na comunidade tamén é a conxunta posta en valor do capital humano.

Unha lóxica cooperativa de transformación social é sen dúbida unha das claves do vertebramento da comunidade nas sociedades capitalistas posmodernas caracterizadas polo auxe do individualismo, opoñendo ao mesmo un camiñar máis paseniño vencellado a unha identidade e contemplando unha concepción do desenvolvemento polivalente e integral. Na comunidade rural, a conformación da identidade baséase nunhas raíces comúns ancoradas na tradición, pero ese cerne non constitúe o único elemento integrador, xa que de ser así suporía pechar as portas á diversidade e ó desenvolvemento comunitario. É por iso que as innovacións constitúen unha parte importante do potencial comunitario para ter sentido nun mundo global. Quizabes, hoxe en día, a creatividade e a cooperación no desenvolvemento de estratexias innovadoras nos contextos rurais semella fundamental para a súa mesma supervivencia tanto no plano económico como no social: “toda innovación é unha innovación social. A innovación non ocorre aí fóra no mundo dos obxectos... a innovación pode ser propiamente comprendida só cando se estudan as bases sociais da mesma” (Tuomi, 2002: 5-6). Cuestións como a diversificación productiva e a creación de emprego, a protección do medio ambiente ou a introducción dunha óptica da sustentabilidade representan aspectos a contemplar en calquera proxecto deseñado coa intención de acadar unha mellora na calidade de vida dos habitantes do medio rural.

Os trocos acaecido nos últimos tempos relativos aos cambios nos modelos de vida do rural galego supoñen, de modo xeral, unha sorte de *círculo perverso do desenvolvemento*. A vida apresurada vai dominando os tempos, facendo unha utopía ese outrora *slow* cotián e levándose as vantaxes do *vivir naturalizado*. É tanto así que, pese a que xa pasou case década e media da Conferencia Europea sobre o Desenvolvemento Rural celebrada en Irlanda, os obxectivos que saían da Declaración de Cork (1996)³ resultante están aínda moi lonxe de acadarse no caso galego, cuestión máis grave aínda se compartimos con Rubio e Sanz (2007: 138) que existen un conxunto de elementos que son fundamentais para “unha paisaxe rural viva” e que van dende inverter o éxodo rural e combater a

³ Esta Declaración ten gran valor ao sustentarse en dez puntos clave (Rubio e Sanz, 2007: 139): que o desenvolvemento rural sexa unha prioridade da UE; asumindo un enfoque integral; e coa diversificación de actividades sociais e produtivas; garantindo unha sostibilidade natural e cultural; respecto ao principio de subsidio; simplificación da regulamentación con criterios de accesibilidade; unha programación única por rexión; procurar novas formas de financiamento e vencellar os recursos locais ao desenvolvemento endógeno; promover unha xestión descentralizada, eficaz, e que contemple a calidade participativa; dar importancia aos procesos de seguimento e avaliación. Estas recomendacións atópanse recollidas amplamente na Axenda 2000.

pobreza ate estimular o emprego e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres —outra cuestión que neste eido se fai tan necesaria—, pasando por dar unha resposta axeitada á crecente demanda de calidade nas diversas áreas —sanidade, seguridade alimentaria, desenvolvemento persoal ou espazos de lecer—; todo baixo o lema da sustentabilidade ambiental.

4. UNHA OPCIÓN DE TRABALLO COMUNITARIO: A COXESTIÓN VECIÑAL DOS MONTES

O cambio que na actualidade se produce con respecto aos espazos rurais é que teñen economicamente moito valor —que debe ser engadido ao ambiental, ao humano, etc. que xa tiveron sempre, pero que habitualmente atópanse nun plano secundario—. A revitalización prodúcese en diversas dimensións non exentas desa polémica difícil de conxugar entre intereses económicos e integridade da mellora da calidade de vida, entre elas poderíamos mencionar as enerxías renovables (biomasa, eólicas, hidráulicas...), o turismo (especialmente fomentando a sustentabilidade co auxe do patrimonio etnográfico, a atención aos centros de interpretación, a recuperación e posta en valor de bens inmoebles de interese patrimonial, etc.), ou o uso lúdico dos espazos naturais (auxe dos roteiros, incremento considerable de persoas que practican deportes de aventura, experiencias recreativas nos parques naturais...).

Nese rol vertebrador da comunidade no que situamos a coxestión veciñal dos recursos atopámonos cos montes de uso comunal, cuxo papel pasa hoxe en día a un plano diferente do que tiña no pasado, pois a necesidade non é xa o elemento estruturante para garantir a sustentabilidade do monte senón que a utilidade do mesmo responde a unha planificación con vistas á recuperación e á posta en valor dos recursos comunitarios. Por iso, o proceso debe ser en todo momento autodirixido polos beneficiarios dende a responsabilidade, orientado por unha perspectiva sustentable e respectuosa co medio natural derivada da existencia dunha conciencia de aproveitamento do propio. Nese senso, son moitos os organismos de carácter internacional que fixeron alusións directas á cuestión dos recursos baixo o prisma da sustentabilidade como os informes anuais do Observatorio da Sostibilidade en España (especialmente interesante para o efecto o epígrafe temático “Sostibilidade Local: Unha aproximación Urbana e Rural”, 2009), Conferencia Europea de Ministros Responsables de Ordenación do Territorio en Lisboa (CEMAT; 2006) ou a Estratexia Territorial Europea de Postdam (ETE; 1999).

Entre os recursos comunitarios idiosincráticos do rural galego destacamos os montes comunais como principal referente en tanto que constitúen unha categoría legal específica de Galicia. Supoñen un tercio da superficie forestal galega con máis de 600.000 Ha e caracterízanse non só por ser unha propiedade colectiva de titularidade veciñal e pola súa enxebre resistencia ás diversas desamortizacións, senón tamén por anticiparse en varios séculos á organización territorial dos concellos e demais entidades de carácter territorial aparecidas no século XIX. A isto engádeselle a súa revalorización derivada dos novos usos vencellados á promoción dun potencial emerxente como son as enerxías renovables, dentro das cales destacan as eólicas na súa afectación sobre os montes.

Sendo un recurso específico da nosa terra e atopándose considerados legalmente como “indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables” (artigo 2º da Lei 13/1989 do 10 de outubro,

de Montes Veciñais en Man Común, ratificada polo Decreto 260/1992), a titularidade veciñal dos montes susténtase no uso xeneralizado que se facía dos mesmos en Galicia dende fai séculos, sendo unha propiedade colectiva que tiña o aporte central na súa relación co traballo agrario, chegando a constituírense en fonte de subsistencia para satisfacer necesidades básicas en tempos difíciles. É por iso que os montes clasificados nesta categoría supoñen un desafío a unha lóxica capitalista de mercado ancorada no círculo vicioso do poder e da acumulación en mans privadas.

No caso de Galicia, os montes en mancomún supoñen un recurso específico e singular de xestión compartida e participada, como tradicionalmente sucedía tamén con outras figuras consolidadas ao longo do tempo tales como as comunidades de augas ou de terras. Dende fai anos, cada vez a maior ritmo, o progresivo abandono do pastoreo foi tornando en facilidades para a apropiación estatal dos montes en mancomún, feito que sucedeu tamén con moitos destes bens calificados de titularidade privada. Este proceso parte da existencia abundante dun ben, como é a superficie forestal en consideración de monte comunal; máis que o monte sexa un recurso produtivo rendíbel non debe escurecer a pretendida activación da identidade colectiva, especialmente centrada na figura dos comuneiros —“casa con lume e fume” cun mínimo de 6 meses ó ano durmindo e con porta aberta (Lei 137/1989)—. As orixes deben necesariamente partir da convocatoria de todos os veciños para informar do camiño que se vai emprender e consultar a súa vontade de participar tentando implicar a todos, proceso no que o mutuo coñecemento é fundamental. A posibilidade dunha comunicación persoal, con identificación previa e trato de veciñanza, permite acadar un obxectivo fundamental: mobilizar a toda a comunidade e canalizar todas as ideas e opinións, con reunións abertas de tipo asembleario e persoas expertas nas diversas fases. O ser partícipe, o feito de avanzar a través dun coñecemento compartido, é un aspecto central no proceso, pois motiva unha activación que dá sentido a unha certa e continuada dinámica de desenvolvemento comunitario e mellora integral.

Pese a identificar a centralidade dos montes nesta proposta, o cerne da mesma debe entenderse en clave humana pois, para acadar uns obxectivos compartidos, a comunidade establece canles de comunicación que constitúen en si mesmas estratexias de empoderamento e toma de conciencia do propio nun mundo global tendente á uniformización cultural e identitaria. Máis que nunca xurde a necesidade de “deconstruír” certos significados ligados ós modos de vida e tomar conciencia do común, procurando unha defensa micropolítica do rural galego.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDER-EGG, E. (2003).** *Metodología y práctica del desarrollo de la comunidad*. Buenos Aires: Humanitas, 33-34.
- BERGER, J. (2007).** *Porca terra*. Pontevedra: Rinoceronte Editora. (1ª ed. 1979).
- DELANTY, G. (2006).** *Community. Comunidad, Educación Ambiental y Ciudadanía*. Colección de Monografías de Educación Ambiental. Graó. Barcelona.
- MARM (2009).** Población y Sociedad Rural. *Análisis y Prospectiva. Serie AgrInfo*, nº 12. Subdirección General de Análisis, Prospectiva y Coordinación, Subsecretaría. Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino. Disponible en: http://www.mapa.es/ministerio/pags/analisis_prospectiva/Agrinfo12.pdf [Consultado: outubro 2010].

- RUBIO P. e SANZ, A. (2007).** *Investigación aplicada al desarrollo de territorios rurales frágiles.* Zaragoza: Prensas Universitarias.
- SÁNCHEZ-CUENCA, I. (2007).** Cooperar por principio. *Revista Internacional de Sociología (RIS)*. Vol. Lxv, nº 46, Xaneiro-Abril, 11-35.
- TUOMI, I. (2002).** *Networks of innovation. Change and meaning in the Age of the Internet.* New York: Oxford University Press.